



Doutor Gasalla, 29 baixo
27004 Lugo
tfns.: 607881916 /
677535526 / 677535699
FAX: : 982212825
tfn / fax :982202405
<http://www.fgpescas.org>
federacion@fgpesca.org
G15141328



FEDERACIÓN GALEGA DE PESCA REGULAMENTO DAS SELECCIÓN GALEGAS DE PESCA

CAPITULO I. Constitución e Finalidade.

Artigo 1º

A Federación Galega de Pesca, por acordo maioritario na Asemblea Xeral Ordinaria, de data nove de febreiro de 2003, establece a constitución das Seleccións Galegas como representación, na orde deportiva das diferentes modalidades, nos compromisos oficiais desta natureza ou en calquera outros nos que interveña representando, de algunha forma, á Comunidade Autónoma de Galicia a nivel autonómico, nacional ou internacional.

Artigo 2º

A finalidade das Seleccións Galegas é:

- 1.- O reclutamento e formación dos deportistas máis capacitados de cada modalidade en cada momento, para representar ao deporte galego da pesca en cada un dos eventos nos que participe.
- 2.- Seleccionar os deportistas en mellor forma que acudan aos Campionatos Nacionais, organizados pola Federación Española de Pesca e Casting.
- 3.- Seleccionar, igualmente —cando esta non participe con todos os seus seleccionados—, os mellores deportistas que interveñan en calquera outra competición ou certamen deportivo que a Federación Galega de Pesca estime conveniente.

CAPITULO II. Categorías e modalidades.

Artigo 3º

As Seleccións Galegas estarán dividida en dúas categorías:

- ◆ XUVENIL
- ◆ ABSOLUTA



Doutor Gasalla, 29 baixo
27004 Lugo
tíns.: 607881916 /
677535526 / 677535699
FAX: : 982212825
tfn / fax :982202405
<http://www.fgpescas.org>
federacion@fgpesca.org
G15141328



◆ DAMAS

Se non houbese número de deportistas suficiente para a composición da categoría Xuvenil, estes poderán integrarse na categoría Absoluta, se superan as mesmas probas esixidas aos desta última categoría.

Artigo 4º

É potestativo da Federación Galega de Pesca, a supresión ou o incremento das categorías reflectidas no artigo anterior, se o estima pertinente.

Artigo 5º

Cada unha das categorías, estará composta polas cinco modalidades independentes:

- SALMÓNIDOS PESCA AO LANZADO.
- SALMÓNIDOS PESCA A MOSCA.
- AUGA DOCE OU PESCA AO COUP.
- EMBARCACIÓN FONDEADA
- MAR COSTA

Artigo 6º

É potestativo da Federación Galega de Pesca, a supresión ou o incremento das modalidades reflectidas no artigo anterior, se o estima oportuno.

CAPÍTULO III. Normas de participación.

Artigo 7º

Poderán acceder ás probas de selección e inclusión das Seleccións Galegas, todos os deportistas —masculinos ou femininos— nacionais ou estranxeiros residentes que a acrediten por máis dun ano, e que cumpran os requisitos seguintes:

1. Que sexan titulares da Licenza de Pesca expedida polas Consellerías competentes da Xunta de Galicia.
2. Que sexan titulares da Licenza Federativa da Federación Galega de Pesca.
3. Que estean afiliados a algunha das Sociedades de Pesca federadas da Comunidade Autónoma de Galicia.
4. Que superen as probas deportivas de acceso esixidas.

Artigo 8º



Doutor Gasalla, 29 baixo
27004 Lugo
tfns.: 607881916 /
677535526 / 677535699
FAX: : 982212825
tfn / fax :982202405
<http://www.fgpescas.org>
federacion@fgpesca.org
G15141328



O acceso de un deportista a unha calquera das modalidades descritas no Artigo 5º, non exclúe o acceso e a súa integración simultánea nas outras, sempre que as poida compatibilizar.

CAPÍTULO IV. Dependencia e organización.

Artigo 9º

As Seleccións Galegas actuarán como entidades dependentes da Federación Galega de Pesca, suxeita ás súas normas xerais: estatutos, regulamento de competición e regulamento disciplinario, e incluída nos orzamentos anuais.

Artigo 10º

As Seleccións Galegas estarán baixo a tutela do/a Presidente do Comité Correspondente de Competición da Federación Galega de Pesca, que será o/a responsable de todo o concernente á organización das competicións deportivas, das probas de acceso, elaboración das bases de competición, dos ascensos e descensos, da elección dos escenarios de pesca e dos adestramentos.

Artigo 11º

É potestade da Federación Galega de Pesca modificar a estrutura directiva das Seleccións Galegas, do nomeamento de novos cargos, da substitución e da supresión dos mesmos.

Artigo 12º

As probas selectivas levarán implícito o nomeamento dun Xurado, que estará composto, generalmente, polos seguintes integrantes:

- Presidente. (O da Federación Galega de Pesca; na súa ausencia substituíralle o Presidente do Comité de Competición).
- Vicepresidente. (O Presidente do Comité de Competición).
- Secretario. (O da F. Galega de Pesca, na súa ausencia, as súas funcións recaerán na persoa que designe o Presidente do Xurado).
- Xuíces. (Un ou máis).
- Vocais. (ata un máximo de catro, se houberse dispoñibles as persoas idóneas para tal función).



Doutor Gasalla, 29 baixo
27004 Lugo
tíns.: 607881916 /
677535526 / 677535699
FAX: : 982212825
tfn / fax :982202405
<http://www.fgpescas.org>
federacion@fgpesca.org
G15141328



CAPÍTULO V. Regulamento deportivo.

Artigo 13°

As Seleccións Galegas rexeranse polas mesmas normas deportivas xenéricas e polas específicas aplicables a cada modalidade contidas no Regulamento de Competicións da Federación Galega de Pesca e da Federación Española de Pesca e Cástring. Estará suxeita, igualmente, ás mesmas normas disciplinarias do seu Regulamento de Disciplina Deportiva.

Artigo 14°

Será competencia da Federación Galega de Pesca establecer o número de probas selectivas que considere necesarias para determinar os deportistas que integrarán en cada momento as Seleccións Galegas e sinalará, previamente, as datas nas que ditas probas haberán de realizarse dentro do calendario anual de competicións.

É facultativo da Federación Galega de Pesca a modificación das datas e dos escenarios previamente asignados, se obrigacións do calendario ou outras causas o esixiran.

CAPÍTULO VI. Normas de selección

Artigo 15°

Por acordo maioritario na Asemblea Xeral Ordinaria, reflectida no Capítulo I, Art.1°, polo que se decide a creación das Seleccións Galegas, acórdase, tamén, a composición do módulo inicial de cada modalidade. O criterio aprobado é o de elixir os tres primeiros clasificados de cada modalidade nos Campionatos Autonómicos dos anos 2000, 2001, 2002 e 2003.

Artigo 16°

Anualmente levaranse a cabo as probas selectivas entre os deportistas integrantes das Seleccións Galegas, que terán carácter eliminatorio.

Artigo 17°

Non terá carácter eliminatorio nin de clasificación automática, a participación nos Campionatos Nacionais oficiais, organizados pola Federación Española de Pesca e Casting, calquera que sexan as puntuacións obtidas en



Doutor Gasalla, 29 baixo
27004 Lugo
tíns.: **607881916** /
677535526 / 677535699
FAX: : 982212825
tfn / fax :982202405
<http://www.fgpescas.org>
federacion@fgpesca.org
G15141328



tales competicións. Como é lóxico, tampouco terán tal efecto a participación en calquera outra competición, fóra diso as probas selectivas.

CAPÍTULO VII. Ascensos e descensos.

Artigo 18°

Clasificaranse para permanecer nas Seleccións Galegas os/as deportistas que obteñan un posto superior aos tres últimos clasificados/as ou, en todo caso, que superen nun posto ao do número de deportistas que descenden nas probas selectivas.

Artigo 19°

Ascenderán ás Seleccións Galegas:

1. Os/as tres primeiros/as clasificados/as de cada modalidade nos Campionatos Autonómicos. Se todos ou algúns destes últimos xa pertencesen ás Seleccións Galegas, ascenderán os/as seguintes mellor clasificados/as nos devanditos campionatos.
2. Os/as seguintes mellor clasificados/as de cada modalidade nos Campionatos Autonómicos, se o número de descendidos fose superior a tres.

Os deportistas recentemente ascendidos están obrigados a disputar as probas selectivas co resto de compoñentes da Selección correspondente e suxeitos ás causas que determinen os resultados das súas puntuacións na mesma igualdade aos outros integrantes dentro do mesmo ano.

Artigo 20°

Perderán a condición de seleccionados da Selección Galega de Pesca:

1. Os/as tres últimos/as clasificados/as de cada modalidade nas probas selectivas.
2. Os ausentes ás probas selectivas.
3. Os deportistas descualificados, cando a descalificación implique a expulsión da totalidade da proba selectiva.
4. Os deportistas sancionados polo Regulamento de Disciplina Deportiva por faltas graves.

Non entanto, os deportistas que se visen obrigados a abandonar unha proba selectiva xa iniciada por causa xustificada, da que informarán ao Xuíz ou ao Xurado, non



Doutor Gasalla, 29 baixo
27004 Lugo
tíns.: 607881916 /
677535526 / 677535699
FAX: : 982212825
tfn / fax :982202405
<http://www.fgpescas.org>
federacion@fgpesca.org
G15141328



será computada como ausencia e clasificaráselles polos resultados obtidos ata o momento do abandono, asignándoselle o último posto máis un nas fases ou mangas que non disputase.

Se por causa xustificada o/a deportista non puidese participar nas probas selectivas, deberá de aportar xustificación escrita da súa ausencia expoñendo os motivos, os cales serán valorados na súa suficiencia polo presidente e o comité correspondente.

Igualmente, as descalificaciones parciais por causas leves (segundo o Regulamento de Disciplina Deportiva) cualificaranse polos resultados obtidos na súa participación válida e asignaráselles o último posto máis un nas probas descualificadas.

CAPÍTULO VIII. Composición do equipo ou módulo autonómico.

Artigo 21º

Os/as catro primeiros clasificados/as de cada modalidade nas probas selectivas formarán o equipo ou módulo da Federación Galega de Pesca que enviará aos Campionatos de España que organiza a Federación Española de Pesca e Cásting.

Artigo 22º

Se por decisión propia ou por calquera outra causa os/as seleccionados/as para o equipo autonómico, non asistisen á competición nacional, serán substituídos, sempre, polos/as seguintes mellor clasificados/as nas probas selectivas das Seleccións Galegas.

Só poderán participar nos campionatos de España aqueles/as deportistas que pertencen ás respectivas seleccións, aínda que opten a participar pagando o módulo e os gastos xerados. Farano seguindo a orde clasificatoria, previa renuncia dos/as mellor clasificados/os.

CAPÍTULO IX. Normas de comportamento.

Artigo 23º

Os/as integrantes da Selección Galega de Pesca, como representantes da élite da Federación Galega de Pesca e



Doutor Gasalla, 29 baixo
27004 Lugo
tfns.: **607881916** /
677535526 / 677535699
FAX: : 982212825
tfn / fax :982202405
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
G15141328



da nosa Comunidade Autónoma en materia de pesca deportiva nas súas diferentes modalidades, haberán de observar un talante deportivo e respectuoso coas normas regulamentarias. Así mesmo, manterán un comportamento decoroso e digno en todos os eventos oficiais ou naqueles actos de carácter social nos que se actúe como parte representante daquela.

Artigo 24º

Os/as integrantes da Selección Galega estarán obrigados/as (se os houberse ou estivesen dispoñibles) a vestir o uniforme federativo e a portar os emblemas, distintivos ou calquera outro signo representativo naqueles acontecementos deportivos ou sociais nos que sexa precisa a súa ostentación.

Este regulamento foi aprobado pola Asemblea Ordinaria da Federación o 17 de marzo de 2007.